

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7120 *Real decreto lei 8/2015, do 26 de xuño, de medidas de apoio para a continuidade de Barcelona como «Mobile World Capital» para o período 2019-2023.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O «Mobile World Congress» é un congreso de carácter anual arredor do mundo da comunicación móbil. A organización recae en «Groupe Speciale Mobile Association» (en diante, GSMA) que reúne case 800 operadores de telefonía móbil de 219 países, así como máis de 200 empresas no mundo do móbil. Desde 1990 a asociación GSMA vén organizando o «Mobile World Congress» e desde o ano 2006 celébrase en Barcelona. Trátase dun evento de especial relevancia no mundo da telefonía móbil.

En 2010, GSMA estableceu unha nova proposta para a celebración deste evento para o período 2012-2018, para o cal abriu un proceso de presentación de candidaturas a nivel mundial. Neste proceso de selección, que durou 18 meses, participaron máis de 30 cidades de todo o mundo e quedaron finalistas as cidades de Múnic, Milán, París e Barcelona. Esta última foi finalmente a seleccionada, polo que se asinou o 14 de xullo de 2011 con GSMA o correspondente «Agreement». Coa declaración de Barcelona como «Mobile World Capital» ata o ano 2018, Barcelona non só é a sede oficial do mencionado evento senón que, ademais, é a sede de toda unha serie de actuacións e proxectos paralelos para impulsar proxectos e empresas de mobilidade durante todo o ano.

A «Barcelona Mobile World Capital» é sen dúbida unha actuación singular de relevantes características e implicacións para o sector das telecomunicacións, cun importante efecto arrastre no conxunto da economía española. Coincide cun momento de expansión ou novo salto tecnolóxico pola irrupción e expansión da internet móbil e dos novos dispositivos e canles de acceso á rede que está transformando os modelos de negocio na internet cara a servizos desde dispositivos móbiles e acceso á rede desde canles en mobilidade. É a mobilidade a que está permitindo a expansión de novas aplicacións, o redeseño dos servizos existentes e, sobre todo, está permitindo acceder á internet cada vez a máis persoas no mundo.

O acontecemento ofrece a oportunidade ás empresas españolas de aproveitar esta vaga de innovación, abrindo multitude de posibilidades de compartir e exportar iniciativas empresariais que aquí foron exitosas. Pero, ademais, «Barcelona Mobile World Capital» é un evento de especial relevancia, non só desde o punto de vista do desenvolvemento das telecomunicacións e o desenvolvemento das tecnoloxías e a sociedade da información senón tamén desde o punto de vista turístico e da imaxe de España, ao asociar, como atributos do noso país, tecnoloxía e modernidade.

O impacto positivo da «Barcelona Mobile World Capital» viuse aumentado ano a ano. Na edición de 2014 cifráronse os ingresos en 397 millóns de euros, 12.300 postos de traballo e 30 millóns de euros de recadación. O impacto económico acumulado do «Mobile World Congress» na cidade de Barcelona (no período 2006-2014) calcúlase en 2.500 millóns de euros e o impacto no mercado laboral ascende a 60.000 postos de traballo temporais. As previsións sobre o impacto económico para os próximos anos son aínda mellores, pois conta co prestixio consolidado deste evento, referencia a nivel mundial, e a multiplicación de actividades relacionadas co desenvolvemento das tecnoloxías móbiles lideradas pola «Fundación Mobile World Capital».

Na última edición do Congreso, celebrado a principios de 2015, o «Mobile World Congress» reuniu máis de 93.000 visitantes de 200 países e máis de 2.000 compañías

que amosaron produtos e servizos altamente innovadores en 100.000 metros cadrados de espazo expositivo. Os catro días de conferencias e demostracións atraeron executivos de todo o mundo e das operadoras de telefonía máis influentes, así como compañías de software, provedores de equipamentos, compañías da internet e empresas de sectores como a automoción, as finanzas e a sanidade, ademais de delegacións gobernamentais de todo o mundo. O impacto directo no sector turístico, en temporada baixa, e indirecto na cidade, e a incidencia en termos de imaxe de España deben ser tamén tidos en conta.

O Goberno manifestou publicamente a súa vontade de apoiar este acontecemento, tanto coa manifestación dese apoio polo presidente do Goberno en sede parlamentaria como coa presenza do rei de España e de diversos membros do Goberno en Barcelona durante a súa celebración. Ademais, os altos cargos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo participaron regularmente nas reunións do Padroado e do Comité Executivo.

II

Nestes momentos a asociación GSMA propuxo non abrir o proceso de selección a novas sedes para o período 2019-2023 se, desde España, se prorroga o compromiso existente na actualidade.

O Concello da Cidade de Barcelona xunto coa «Fundación Mobile World Capital» anunciou a súa intención de presentar unha proposta de renovación do compromiso actual para que o dito acontecemento continúe celebrándose en Barcelona durante o período 2019-2023.

A renovación do compromiso para a celebración do acontecemento para este novo período é especialmente importante. Se non se asina esta renovación, córrese o risco da perda da condición de «Mobile World Capital» para Barcelona. As consecuencias serían moi importantes xa que o «Mobile World Congress» é o principal congreso internacional que se celebra en España.

A necesidade vén determinada polo calendario de decisións de GSMA. O Consello da dita asociación decidirá, na súa próxima reunión do 14 de xullo de 2015, se aproba a renovación da capitalidade de Barcelona para o período 2019-2023 ou ben abre o proceso de selección a outras candidaturas.

A aprobación da renovación polo Consello de GSMA require a sinatura previa por todas as partes da extensión do «Agreement» de 2011, nos termos negociados polas ditas partes e que foron presentados e ratificados polo alcalde da cidade de Barcelona o 2 de xuño de 2015 e polo conseller d'Empresa i Ocupació o 9 de xuño de 2015. Na actualidade, a única organización participante no acontecemento «Barcelona Mobile World Capital» que non subscribiu esta extensión do acordo é a Administración xeral do Estado.

III

Na presente norma concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade exixidas polo artigo 86 da Constitución española para a aprobación dos decretos lei.

A adopción das medidas reguladas neste real decreto lei obedece á necesidade de habilitar o ministro de Industria, Enerxía e Turismo, en nome da Administración xeral do Estado, para asinar a extensión do citado «Agreement» do 14 de xullo de 2011, ata o 1 de outubro de 2023, co fin de obter a designación de Barcelona como «Mobile World Capital» para o período 2019-2023. Todo isto require unha resposta inmediata, que xustifica a adopción desta medida coa maior urxencia.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xuño de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Ratificación de acordos en relación coa renovación da designación da cidade de Barcelona como «Mobile World Capital» para o período 2019-2023 e autorización para a sinatura da dita renovación.*

1. Ratifícase o protocolo suscrito entre o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo do Reino de España, a Generalitat de Catalunya e o Ajuntament de Barcelona, así como a oferta presentada a GSMA Ltd, asinados o 26 de marzo de 2015 polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo do Reino de España, Generalitat de Catalunya, Ajuntament de Barcelona, Consorci de Turisme de Barcelona, Fira Internacional de Barcelona e Fundación «Mobile World Capital Foundation» para a renovación da designación da cidade de Barcelona como «Mobile World Capital» para o período 2019-2023.

2. Autorízase o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, en representación da Administración xeral do Estado, para asinar a extensión do «Agreement» do 14 de xullo de 2011 ata o 1 de outubro de 2023, nos termos negociados polas partes e ratificados polo alcalde da cidade de Barcelona o 2 de xuño de 2015 e polo conseller d'Empresa i Ocupació da Generalitat de Catalunya o 9 de xuño de 2015.

Artigo 2. *Garantía dos dereitos da Administración xeral do Estado.*

1. No suposto de que a Administración xeral do Estado teña que facer fronte a responsabilidades derivadas da aplicación do artigo 27 do «Agreement» a que se refire esta norma, as administracións públicas asinantes asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que se devindiquen, de conformidade co previsto neste artigo e nas disposicións de carácter regulamentario que, no seu desenvolvemento e execución, se diten.

2. A Administración xeral do Estado adoptará as medidas necesarias para garantir os seus dereitos fronte ás reclamacións que se dirixan contra ela por obrigas cuxo cumprimento corresponda a outra Administración pública, e ao respecto articularán os mecanismos de compensación que sexan adecuados.

Disposición adicional única.

En atención á urxencia que concorre para a sinatura do acordo que se autoriza no artigo 1, a tramitación do correspondente expediente de gasto deberase completar no prazo dun mes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de xuño de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY